

SIMULACRO 1

Pregunta 1 (2,5 puntos): Es unha persoa que investiga no mundo da Historia Moderna de España e estás a participar na publicación dun libro de texto para 2º Bacharelato. Porén, antes de editalo observas que hai un erro nun texto referido á túa parte.

Responde estes tres apartados:

1.1. Identifica as informacións erróneas. **(0,5 puntos)**

1.2. Explica o erros detectados. **(1,5 puntos)**

1.3. Procede á súa redacción correcta. **(0,5 puntos)**

Para a administración dos novos territorios en España creáronse varias institucións que reproducían as que xa existían en na Coroa de Castela, como o **Consello de Indias**, que controlaba o goberno das Indias de maneira democrática, así como a proposta de cargos para as colonias. En Sevilla funcionaba desde a súa creación polos Reis Católicos a **Casa de Contratación** que regulaba todo o que tiña que ver co comercio e a navegación con América. Da mesma forma creáronse **correxidurías**(Nova Galicia en México en 1535 e o de Colombia en 1544) dirixidos por correxidores que rendían conta ante o rei. As audiencias (órgano de xustiza) tamén se estenderon polo Novo Mundo.

Pregunta 2 (2,5 puntos): Realiza unha comparación entre as ideas do liberalismo moderado ou doutrinario e as do liberalismo progresista ou democrático. Establece tamén quen representaban estas tendencias en España e cales foron as Constitucións que reflectían cada un dos pensamentos políticos.

Pregunta 3 (2,5 puntos): Realiza un comentario de texto atendendo aos seguintes criterios:

- Identificación do tema. **(0,5 puntos)**
- Contextualización do documento. **(0,5 puntos)**
- Comentario do proceso histórico/tema que se reflicte no documento. **(1,5 puntos)**

“Ante a situación creada polos sucesos desenvolvidos no Palacio do Congreso, e para evitar calquera posible confusión, confirmo que ordenei ás autoridades civís e á Xunta de Xefes de Estado Maior que tomen as medidas necesarias para manter a orde constitucional dentro da legalidade vixente (...). A Coroa, símbolo da permanencia e unidade da patria, non pode tolerar de xeito ningún accións ou actitudes de persoas que pretendan interromper pola forza o proceso democrático (...)”

Pregunta 4 (2,5 puntos): Realiza un comentario de táboa atendendo aos seguintes criterios:

- Análise dos datos da táboa. **(1 punto)**
- Explicación do contido. **(1,5 puntos)**

Incrementos de produción de produtos metálicos (1960-1973)

Produtos	1960 (en miles)	1973 (en miles)	Cambio porcentual
Buques, toneladas métricas botadas	158	1.596	910
Automóviles	40	704	1.660
Neveiras	29	950	3.175
Lavadoras	77	850	1.003
Televisores	39	680	1.643